

ACTA NÚM. 6 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE ABRIL DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **19 de abril de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de marzo de 2018.
2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).
3. Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación do proxecto parque “Compostela Rupestre”.
4. Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM nas disposicións transitorias 2ª e 12ª. Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro.
5. Solicitud de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12. Antigo Colexio Manuel Peleteiro.
6. Solicitud de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM no ámbito do parcela EM-FE. Finca do Espiño.
7. Proposta da alcaldía de adhesión do Concello de Santiago á declaración institucional de apoio e impulso á modificación do Corredor Atlántico de mercadorías.
8. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a recuperación do horario para uso público dos xardíns do Pazo de Amarante.
9. Proposición do grupo municipal do BNG, para reclamar as obras de seguranza da rotonda de Conxo.
10. Proposición do grupo municipal do BNG, para activar os consellos de participación.

11. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á finalización do enlace norte da estrada N-550 coa autoestrada AP-9.

12. Dar conta do informe anual de queixas e suxestións corresponde ao ano 2017.

13. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

14. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 5 de abril de 2018, núm. 97.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de abril de 2018, núm. 98.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de abril de 2018, núm. 100.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 105.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 106.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 112.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 118.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 122.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 107.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 113.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 114.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 115.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 119.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 120.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 27 de marzo de 2018, núm. 92.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2018, núm. 94.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2018, núm. 95.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2018, núm. 96.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de abril de 2018, núm. 101.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 108.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 109.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 110.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 27 de marzo de 2018, núm. 91, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para expresar o apoio da Corporación ao labor da policía local nun incidente na rúa Pitelos e a reprobación do uso indebido da condición parlamentaria.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 104, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, relativa á implantación dunha renda básica universal. Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 111, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con motivo do día mundial da saúde.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 116, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en apoio ás reivindicacións do colectivo de profesionais do equipo multidisciplinar do servizo de urxencias hospitalarias do CHUS. Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 117, presentada polo grupo municipal do BNG, para o soterramento dos servizos básicos e de internet na cidade histórica.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 121, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á mellora da accesibilidade universal do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Cumpriméntase así:

Antes do comezo da sesión, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE MARZO DE 2018.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 15 de marzo de 2018, núm. 5.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Alberto Rama Alborés, en relación coa moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio ás reivindicacións do colectivo de profesionais do equipo multidisciplinar do servizo de urxencias hospitalarias CHUS.

Don Manuel López Gómez, en relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, relativa á implantación dunha renda básica universal.

Rematadas as dúas intervencións, o Pleno da Corporación por unanimidade declara a urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, o día 18 de abril de 2018, núm. 123.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. APROBACIÓN DO CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN DO PROXECTO PARQUE “COMPOSTELA RUPESTRE”.

O texto do convenio remitido pola Deputación Provincial da Coruña , polo que se establecen as bases de cooperación entra a Deputación e os Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, para regular o proxecto parque “Compostela Rupestre”, foi informado polo Secretario Xeral do Pleno e máis pola arqueóloga municipal con data 4 de abril de 2018.

Xa que logo, á vista dos informes emitidos, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente a súa sesión do día 12 de abril do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Autorizar a adhesión do Concello de Santiago ao convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra para regular o proxecto Parque Compostela Rupestre, cuxo texto figura no expediente.

Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a sinatura do mesmo, en representación da administración municipal.

4. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NAS DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS 2ª E 12ª. PLAN PARCIAL DE FONTIÑAS E PERIS DE CONCHEIROS, VIEIRO E OUTEIRO.

O informe xurídico de data 9 de abril do corrente ano emitido pola xefa de sección de xestión urbanística e proposta do concelleiro delegado da mesma data, con relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“A Modificación fórmase de oficio a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística co obxecto de reformar a redacción das disposicións transitorias segunda (Plan parcial de Fontiñas) e duodécima (Plans especiais de reforma interior) da normativa do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)

1. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende solventar as discrepancias que se puxeron de manifesto polos técnicos do Servizo Municipal de Licenzas en canto á aplicación práctica de aspectos puntuais da normativa do planeamento incorporado na zona de Fontiñas (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Outeiro e Vieiro).

-Na DT-2ª (Plan parcial de Fontiñas) engádese o seguinte parágrafo:

No que atinxe á utilización dos espazos baixo estarase ao disposto con carácter xeral na normativa do Plan xeral (artigo 125.6, segundo parágrafo).

-Na DT-12ª engádese o seguinte apartado:

Superficie edificable permitida e utilización dos espazos baixo cuberta no ámbito dos PERIs de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro, Outeiro e Vieiro

1. Nos terreos que teñan a condición de solo urbano consolidado, autorizarase o volume edificable definido polo respectivo planeamento incorporado, segundo as condicións de edificación (altura, fondo, ocupación, ...) que nel se establezan.

2.Nos polígonos de solo urbano non consolidado, autorizarase tamén o volume edificable definido polo respectivo plan, previa xustificación de que non excede o límite de intensidade establecido pola lei nesta categoría de solo.

3.A utilización dos espazos baixo cuberta rexerase polo disposto con carácter xeral na normativa do plan xeral (artigo 125.6, segundo parágrafo).

A conveniencia da Modificación proposta xustifícase na necesidade de harmonizar a normativa dos citados instrumentos de planeamento coa regulación xeral da utilización dos espazos baixo cuberta que se contén no PXOM (artigo 125.6), así como adaptar a determinación da superficie edificable en solo urbano consolidado aos parámetros definidos pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia

A Modificación proposta non supón incremento da superficie edificable máxima permitida polos respectivos planeamentos, xa que no conxunto dos respectivos plans o volume edificable determinado polo sólido capaz en ningún caso supera o que resultaría de aplicar o índice sobre o conxunto das parcelas afectadas.

2. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, mediante resolución do 8 de febreiro de 2017 –publicada no Diario Oficial de Galicia número 51 do 14 de marzo de 2017- formulou o Informe ambiental estratéxico (expediente 2016AAE1984, código web 1883/2016), e resolveu non someter a Modificación ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria.

3. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal a medio de acordo adoptado o 27 de abril de 2017 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *El Correo Gallego* do día 21 de xullo e no Diario Oficial de Galicia de data 28 de xullo de 2017.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, con data 26 de xaneiro de 2018 recibíuse o **informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, asinado o 15 de xaneiro de 2018, no que se da conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, “*os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 2/01/2018 nos casos de a Ames, Oroso, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra e 3/01/2018 para O Pino e Touro. Rematado os ditos prazos non foron recibidas nestas dependencias as respostas deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da lei 2/2016, do solo de Galicia).*”

4. INFORMES SECTORIAIS

No informe emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo faise constar a emisión dos seguintes informes sectoriais autonómicos:

Informe da subdirector xeral de Planificación e Protección Civil de data 2/10/2017, favorable á Modificación.

Informe da Dirección xeral do Patrimonio Cultural, de data 14/12/2017, tamén favorable.

Informe do Instituto de Estudos do Territorio, de data 12/12/2017, relativo á protección da paisaxe, así mesmo favorable.

Non consta a emisión do informe solicitado á Dirección de Augas de Galicia, tendo xa rematado, con data 29/12/2017 o prazo legalmente establecido para a súa emisión, polo que o informe se presume favorable de acordo co disposto na Lei 9/2010 de Augas de Galicia (artigo 39).

Con data 9.02.2018 o Concello solicitou informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, tendo xa rematado o prazo sinalado pola normativa sectorial aplicable (dous meses, segundo a disposición adicional segunda do RD 2591/1998)

Con data 26/02/2018 tivo entrada o informe emitido pola Dirección Xeral de Telecomunicacións.

5. PROPOSTA

En consecuencia, e en aplicación do procedemento regulado polos artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e 144.13 do seu Regulamento, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro), sen modificacións respecto do proxecto inicialmente aprobado.
- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora de bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2, da mesma lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

No expediente consta a conformidade do secretario xeral do Pleno Municipal ao informe-proposta de aprobación inicial, polo que, ao non introducirse modificacións na aprobación provisional, non procede a emisión de novo informe.”

Xa que logo a vista do informe e proposta transcritos, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio

Rural e Servizos de data 12 de abril do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiras e concelleiras, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro), sen modificacións respecto do proxecto inicialmente aprobado.

b) Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

5. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO PERI-12. ANTIGO COLEXIO MANUEL PELETEIRO.

O informe xurídico de data 9 de abril do corrente ano, emitido pola xefa de sección de xestión urbanística que trae o conforme do secretario xeral do pleno e proposta do concelleiro delegado da mesma data, con relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmulase polos Servizos Técnicos de Planeamento a resultas do acordo adoptado polo Pleno Municipal con data 18 de maio de 2017, sobre suspensión previa de licenzas no ámbito do PERI-12.

O ámbito da actuación correspóndese cos terreos ocupados polas antigas instalacións do colexio Manuel Peleteiro -hoxe trasladado a outro emprazamento-, na confluencia das rúas de San Pedro de Mezonzo e da República Arxentina.

O ámbito ten una superficie total de 5.303,75 m², e figura integrado por tres parcelas catastrais:

- 7169315NH3476G0001XM (SAREB)
- 7169316NH3476G0001IM (Concello)
- 7169317NH3476G0001JM (SAREB)

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado nos anos 2007 e 2008, establece, na disposición final 3ª da súa normativa, o seguinte:

A ordenación establecida nas Modificacións puntuais para a creación das novas ordenanzas especiais, OE-5, OE-6, OE-7, aprobadas definitivamente en datas 16.7.01, 26.7.02 e 29.6.00 respectivamente regularanse segundo as súas determinacións. O Plan xeral remítese ás citadas modificacións. Para a súa ordenación volumétrica redactarase un Estudo de detalle coas características que se establecen nas presentes Normas.

No caso da Modificación puntual para a creación da Ordenanza especial OE-4 aprobada definitivamente en data 30.06.03 estarase á ordenación definida no PERI-12, aprobado definitivamente o 19.04.05, que o Plan xeral incorpora como determinacións propias en solo urbano.

As determinacións incorporadas, segundo a OE-4, son as seguintes:

-Edificabilidade máxima: 23.500 m²construídos.

-Usos:

Comercial e restauración-ocio (Máximo 12.000, mínimo 10.000 m²c)

Hoteleiro e/ou residencial comunitario (máximo 7.000 m²c)

Vivenda (Máximo 4.500, 45 vivendas)

Oficinas

Dotacional (asistencial, docente, sanitario, recreativo, sociocultural, deportivo)

Garaxe-aparcadoiro (mínimo 400 prazas)

-Dotacións públicas:

Espazo libre público de 1.395 m²de superficie

Equipamento comunitario público de 900 m²construídos (en planta baixa ou primeira da nova edificación)

As condicións de ordenación volumétrica, emprazamento e configuración das parcelas edificables e espazos de cesión son as que se definen no PERI-12.

2.EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO VIXENTE

Para a execución da ordenación prevista polo planeamento urbanístico aprobouse pola Xunta de Goberno Local, con data 26 de decembro de 2005, o Proxecto de compensación do PERI-12, que adxudicou novas parcelas de uso lucrativo, e supuxo as seguintes cesións ao Concello de Santiago:

-Espazo libre público de 1.395 m² de superficie.

- Compensación económica substitutiva da cesión do 10%, por importe de 2.586.431,66 euros¹ (aboada polos Irmáns Peleteiro Ramos en xullo de 2006)
- Obriga de construír un local de 900 m² construídos na futura edificación, acondicionado para uso de equipamento sociocultural.

A plena vixencia das determinacións do planeamento incorporado ao PXOM resultou confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo Tribunal Supremo en distintas resolucións xudiciais ditadas nos anos 2014 e 2016.

3. XUSTIFICACIÓN E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

No acordo municipal de data 18 de maio de 2017 sinálase a aparición de novas necesidades de interese público que aconsellan revisar a ordenación urbanística vixente, como deseguido se transcribe:

(...)

No momento en que se aprobaron os citados instrumentos de planeamento, nos anos 2003 e 2005, a Administración municipal estimou conveniente para revitalizar o Ensanche a implantación nesta zona dun centro de actividades múltiples, de uso predominantemente terciario e comercial, que favorecese a dinamización social e económica da zona.

No momento actual, sen embargo, cómpre considerar a presenza de centros comerciais noutras zonas máis periféricas da cidade (Cancelas, Área Central), e a necesidade de favorecer o pequeno comercio local no centro urbano.

Dende esta perspectiva, e aproveitando a experiencia desenvolvida noutras cidades, parece aconsellable substituír a idea dun gran centro comercial pola doutros formatos máis respectuosos coa estrutura comercial tradicional dos centros urbanos, na que o pequeno comercio poida convivir con outros contedores que actúen a modo de “locomotora” ou dinamizador da actividade comercial da zona.

Por outra banda, cómpre tamén reconsiderar a implantación dun volume menos agresivo e máis integrado ou coherente cos edificios xa existentes no contorno, de conformidade cos criterios que establece o artigo 104.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

As razóns sinaladas, convén engadir outros argumentos, relacionados coa seguridade xurídica, xa que o Plan xeral vixente incorpora as determinacións dun planeamento que

deveu xudicialmente anulado, se ben o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou a inexecutabilidade das sentenzas anulatorias e a vixencia do novo planeamento “no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume”

Con todo, e considerando o tempo transcorrido dende a aprobación do planeamento incorporado, e a aparición de novas necesidades urbanísticas, parece conveniente que o planificador analice as diferentes posibilidades de ordenación do ámbito no novo marco xurídico-urbanístico e no actual contexto socioeconómico da cidade.

No Borrador do plan elaborado pola Sección de Planeamento descríbense os presupostos da nova ordenación, podendo resumirse como segue:

- Evitar a creación dunha grande superficie comercial no Ensanche, procurando unha nova distribución e regulación dos usos autorizables, asimilable á da ordenanza 1 da zona, coas seguintes particularidades:

O uso comercial admítase unicamente na categoría 2ª.

Establécese unha reserva mínima do 20% da edificación residencial destinada a vivenda de protección.

Destinaranse 900 m²c á implantación dun equipamento público, en planta baixa ou baixa e primeira.

- Ordenar a distribución do volume edificable de forma mais acorde co existente no contorno, segundo os criterios sinalados polo artigo 104.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

- Manter as cesións xa consolidadas no proceso de equidistribución aprobado, polo menos en canto á súa extensión (en m² de solo ou de superficie construída), sen prexuízo de realizar os axustes precisos no seu emprazamento concreto, delimitación e configuración.

Para a consecución destes obxectivos, analizáronse no Documento ambiental estratéxico distintas alternativas de ordenación, propoñéndose a selección da alternativa 2.1, que supón a prolongación das aliñacións xa existentes e a formación dun patio de cuarteirón, se ben non pechado, senón comunicado co viario público existente a través dos espazos públicos de nova creación. No interior do quarteiro dispónse un volume menor, cunha altura máxima dunha planta, de uso terciario ou dotacional (non residencial).

4. SOLICITUDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985 *reguladora das bases do réxime local (LBRL)*.

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- Solicitud de inicio da avaliación ambiental simplificada
- Borrador da Modificación proposta
- Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:

- a) Los objetivos de la planificación.*
- b) El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
- c) El desarrollo previsible del plan o programa.*
- d) Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
- e) Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*

- f) Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
- g) La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
- h) Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
- i) Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
- j) Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan..*

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo -isto é, o da administración pública competente para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística -artigo 123.1.i)-.

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou, en marzo de 2018, o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro).
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.
3. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación inicial do órgano competente.
4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en marzo de 2018.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Xa que logo, a vista do informe e proposta transcrito, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión do día 12 de abril do corrente ano, o Pleno

da Corporación por unanimidade, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en marzo de 2018.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

6.SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO PARCELA EM-FE. FINCA DO ESPIÑO.

O informe xurídico de data 9 de abril do corrente ano, emitido pola xefa de sección de xestión urbanística que trae conforme do secretario xeral do pleno e proposta do concelleiro delegado da mesma data, con relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmase polos servizos técnicos de Planeamento a resultas do acordo adoptado polo Pleno Municipal con data 18 de maio de 2017, sobre suspensión previa de licenzas no ámbito da parcela EM-FE (Finca do Espiño).

O ámbito da actuación correspóndese coa citada parcela EM-FE, de referencia catastral 678042NH3468B0001JI, catastrada a nome de Management Santiago S.L.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal, a través da disposición transitoria cuarta da súa normativa, remite a ordenación deste ámbito á *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana e do Plan especial da cidade en Monte Pío e Finca do Espiño*, que foi aprobada definitivamente por Decreto do Consello da Xunta de Galicia 286/2004 do 25 de novembro.

A citada modificación clasificou os terreos afectados como solo urbanizable delimitado e estableceu a súa ordenación detallada, ao abeiro do previsto no artigo 57.2 da Lei

9/2002, *de ordenación urbanística e protección do medio rural* (LOUG), daquela aplicable. O plan vixente define un volume edificable de 10.500 m² construídos con destino a distintos usos lucrativos (asistencial, sociocultural, sanitario, hoteleiro e residencial comunitario) na parcela privada (EM.FE), e cualifica a superficie restante como solo de cesión obrigatoria con destino a viario, parque urbano (PU-14) e equipamento sociocultural (SC-FE).

2. ESTADO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO VIXENTE

Con data 16 de xaneiro de 2006 a Xunta de Goberno aprobou definitivamente o proxecto de equidistribución do ámbito, o que determinou a cesión ao Concello dunha superficie total de 18.000 m² con destino a viario, parque urbano e equipamento sociocultural públicos, na que se inclúe a edificación catalogada existente na parcela.

Porén, o proceso de intervención municipal nos espazos públicos de cesión veuse impedido a resultas do incumprimento por parte da promotora (Layetana Santiago S.L.) dos seus deberes urbanísticos, estipulados no Convenio urbanístico de execución do planeamento aprobado en xaneiro de 2006. A administración municipal tivo finalmente que incautar o aval bancario constituído en garantía daqueles compromisos, unha vez ditada a sentenza firme desestimatoria dos recursos interpostos pola promotora contra as resolucións municipais.

Na actualidade, a parcela EM-FE ten a condición de solo urbano consolidado, dispoñendo dos servizos urbanos básicos para a súa edificación, podendo resolverse o seu completamento mediante obras de urbanización accesorias e simultáneas á edificación.

3. XUSTIFICACIÓN E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

A Modificación ten como finalidade principal preservar a singular calidade paisaxística e ambiental desta peza, que constitúe un referente no poñente da cidade histórica, a cuxo efecto se considerou imprescindible minimizar o impacto da nova edificación, evitando a creación dunha barreira edificada continua que acabaría por percibirse como una ocupación agresiva ou invasora dun territorio especialmente fráxil.

Logo de analizadas as distintas alternativas de ordenación, optouse pola selección da alternativa A.3.2, que permite integrar o novo volume de forma máis natural ou menos agresiva no tecido construído miúdo xa existente na rúa do Carme de Abaixo.

A proposta supón una considerable redución da superficie edificable lucrativa permitida polo plan vixente, se ben vai acompañada da incorporación de novos usos lucrativos (permítese calquera uso compatible coa volumetría prevista, incluído o de vivenda), así

como da ampliación da superficie de parque público, ao incorporar os terreos da parcela EM-FE que agora non resultan susceptibles de edificación

4. SOLICITUDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985 *reguladora das bases do réxime local (LBRL)*.

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- Solicitude de inicio da avaliación ambiental simplificada
- Borrador da Modificación proposta
- Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:

- a) Los objetivos de la planificación.*
- b) El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
- c) El desarrollo previsible del plan o programa.*

- d) Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
- e) Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
- f) Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
- g) La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
- h) Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
- i) Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
- j) Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan..*

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo –isto é, o da administración pública competente para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística -artigo 123.1.i)-.

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou, en marzo de 2018, o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** da Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito do parcela EM-FE (Finca do Espiño).

2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.

3. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación inicial do órgano competente.

4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito do parcela EM-FE (Finca do Espiño), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2018.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Rematado o debate, e a vista do informe e proposta transcrito e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente á sesión do día 12 de abril do

corrente ano, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (10 CA e 3 PSdeG-PSOE), e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (9 PP e 2 BNG), polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (Finca do Espiño), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2018.

Segundo: Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

7.PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO E IMPULSO Á MODIFICACIÓN DO CORREDOR ATLÁNTICO DE MERCADORÍAS.

Segundo acordo da Xunta de Portavoces, a proposta da alcaldía foi convertida en declaración institucional da Corporación, asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais, e que ten o seguinte contido:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA APROBAR A ADHESIÓN DO CONCELLO Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO E IMPULSO Á MODIFICACIÓN DO CORREDOR ATLÁNTICO DE MERCADORÍAS.

O Regulamento (UE) nº913/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2010, sobre a rede ferroviaria europea para un transporte de mercadorías competitivo, creou e organizou unha serie de corredores europeos.

O Corredor Atlántico pertence, desde o ano 2011, á rede básica (Core Network), da Rede Transeuropea de Transporte (TEN-T), que recolle os aspectos máis estratéxicamente importantes, formando o esqueleto da rede multimodal.

Este Corredor, anteriormente chamado Corredor Ferroviario de Mercancías nº4, está operativo desde o ano 2013. Foi con motivo da redefinición da rede de transporte realizada polos Regulamentos nº 1315/2013 e 1316/2013, que mudou a súa

denominación de cara a novos corredores intermodais da rede básica que discorren por ámbitos xeográficos similares.

En xaneiro de 2016, Alemaña uniuse a Portugal, España e Francia como socio da AEIE, Corredor Atlántico coa extensión do Corredor a Mannheim a través da fronteira francesa/alemana Forbach/Saarbrücken que tamén se estendeu ata a fronteira francesa/alemana de Estrasburgo.

A misión principal do Corredor Atlántico é a xestión da infraestrutura existente, sen inversións adicionais, a través da xestión centralizada da adxudicación de capacidade, xestión do tráfico e relación cos clientes.

O Corredor funciona como plataforma de coordinación entre Portugal, España, Francia e Alemaña con respecto ás inversións en infraestrutura, superando barreiras técnicas e operativas, promovendo a interoperabilidade e, en definitiva, aumentando a competitividade do transporte ferroviario de mercadorías. Comprende a rede de ferrocarril e de estradas, os aeroportos, os portos, as terminais ferrocarril-estrada e o río Sena como vía navegable interior.

Entre os seus obxectivos para España atópase o de aumentar a interoperabilidade ferroviaria mediante o cambio no ancho da vía estándar UIC na península ibérica.

A pesar do convencemento de que a Rede Transeuropea de Transporte (TEN-T) xunto cos fondos de financiamento que a acompañan contribuíron e contribúen ao progreso económico e a cohesión social dos territorios, tamén é certo que xeran certos desequilibrios, tanto *modais* no transporte, polo que se debería tender a un maior reparto a favor daqueles modos máis sostibles e rendibles, en particular o ferroviario e marítimo, como *xeográficos*, entre os territorios e outras zonas españolas desde o punto de vista da potencialidade da súa atracción industrial, nas que as infraestruturas do transporte son fundamentais para fortalecer a cohesión económica e social mellorando o acceso ás rexións.

Conscientes destes desequilibrios, os representantes dos gobernos das Comunidades Autónomas de Asturias, Castilla y León e Galicia, asinaron o 9 de outubro de 2017 en Santiago de Compostela, unha declaración institucional de apoio e impulso á modificación do Corredor Atlántico de mercadorías, dirixida ao Ministerio de Fomento para que eleve as propostas da mesma aos órganos competentes da Unión Europea (anexo I).

O propio Parlamento de Galicia, na súa sesión plenaria de 20 de decembro de 2017, aprobou por unanimidade unha proposición non de Lei para adiantar ao 2018 a incorporación dos portos de Vigo e A Coruña ao Corredor Atlántico de Mercadorías por

ferrocarril. Nesta proposición demándase entre outras cousas, que o Goberno de España defenda nas instancias europeas a redefinición do Corredor, o impulso da colaboración doutras comunidades autónomas, concellos e deputacións provinciais para facer avanzar a proposta así como establecer o ano 2018 como data de referencia para acadar esta redefinición.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela **ACORDA:**

1.-A adhesión do Concello de Santiago á declaración institucional de apoio e impulso á modificación do Corredor Atlántico de Mercadorías, asinado o 9 de outubro de 2017, polos representantes dos Gobernos das Comunidades Autónomas de Asturias, Castilla y León e Galicia.

2.-Dar traslado desta Declaración Institucional á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, ao Ministerio de Fomento do Goberno de España así como aos Gobernos das Comunidades Autonómicas de Asturias e Castilla y León.”

Xa que logo o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda:

1. A adhesión do Concello de Santiago á declaración institucional de apoio e impulso á modificación do Corredor Atlántico de Mercadorías, asinado o 9 de outubro de 2017, polos representantes dos Gobernos das Comunidades Autónomas de Asturias, Castilla y León e Galicia.

2. Dar traslado desta Declaración Institucional á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, ao Ministerio de Fomento do Goberno de España así como aos Gobernos das Comunidades Autonómicas de Asturias e Castilla y León.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A RECUPERACIÓN DO HORARIO PARA USO PÚBLICO DOS XARDÍNS DO PAZO DE AMARANTE.

O texto da proposición presentada con data 28 de marzo do corrente ano, e número de rexistro 93, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha reiterada demanda da Asociación veciñal Compostela Vella fixose realidade cando a finais do ano 2012, froito dunha iniciativa dun Goberno municipal do Partido Popular, se asinou un convenio entre a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia -responsable do patrimonio da Comunidade Autónoma que é a actual titular do edificio e do xardín anexo- e o Concello de Santiago para o acceso público ao xardín do Pazo de Amarante, na zona da Algalia de Arriba con entrada pola Praza de Salvador Parga. Obtíñase así para o uso público un espazo de gran valor ambiental nunha zona moi necesitada deste tipo de espazos, con camelios de gran porte e cunha fonte barroca no seu centro, unha zona verde que se vería complementada meses despois coa apertura tamén dos xardíns de Fonseca. A cambio, o Concello comprometéase a levar a cabo a conservación, mantemento, vixilancia e seguridade da zona verde recuperada para a cidadanía.

Os 870 metros de xardín abríronse ao público desde finais do mes de setembro de 2012 con horario diario de 9 da mañá a 18.30 horas da tarde en inverno e de 9 a 21 horas en horario de verán, encargándose o Concello da apertura e peche das portas de acceso e do mantemento da superficie.

Durante cinco anos, o xardín mantívose aberto con ese horario ata que no mes de agosto de 2017 a Secretaría Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia iniciou un expediente de resolución do convenio subscrito no seu día, por incumprimento por parte do Concello que foi denunciado polos órganos autonómicos establecidos no Pazo de Amarante (Consello Consultivo de Galicia, Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais).

Entre as incidencias que se denuncian están os problemas derivados da apertura e peche automatizado do portal de acceso ao xardín, a entrada de vehículos non autorizados no espazo pavimentado, o acceso de animais ao recinto, así como a limpeza e o mantemento da zona de acceso, actos de vandalismo, roubo nos vehículos estacionados, consumo de estupefacientes e actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas nese ámbito.

A pesar de que, segundo a resolución asinada pola concelleira María Rozas, estas incidencias poderían ter “fácil solución” no seo dunha comisión de seguimento do convenio a través de “medidas concretas” e co estudo dunha reformulación do texto do convenio, que evitara os “prexuízos aos cidadáns” que causaría o peche do xardín. Sorprendentemente no seo desa comisión, na que tomaron parte dous concelleiros de Compostela Aberta, acordouse o peche do xardín en horario de mañá todos os días laborables.

Así, desde o pasado 13 de febreiro o xardín reduce notablemente o seu horario de apertura e acceso público quedando establecido nos días laborables de 15.30 horas a

18.30 horas en inverno e de 15.30 a 20.30 horas en verán, mentres unicamente os sábados, domingos e festivos se permite o acceso en horario de mañá, desde as 9 horas.

Ás importantes restricións no horario hai que engadir a continuada e actual falta de coidados, polos que debería velar o Concello, como se pode apreciar nas importantes calvas que presenta a superficie verde, a falta de limpeza na zona de acceso, a desatención na retirada de pólas caídas ou a situación da fonte ornamental no centro do recinto, chea de lixo, sen abastecemento de auga corrente e carente da iluminación no interior do estanque, onde se manteñen cortados ao aire os cables da instalación eléctrica.

Á vista do apuntado, para garantir a recuperación, conservación e goce cidadán deste valioso espazo público, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Solicitar coa maior urxencia posible a convocatoria da Comisión de seguimento para acordar o restablecemento do horario matinal de acceso público a partir das 9 horas que se viña mantendo nos xardíns do Pazo de Amarante durante os días laborables desde o ano 2012, propoñendo “medidas concretas” para solucionar as incidencias denunciadas.
2. Adoptar as accións necesarias para mellorar o coidado, a limpeza e a conservación deste xardín, con especial atención á posta en valor da fonte ornamental situada no centro deste espazo.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar ao correspondente órgano do goberno a:

1. Solicitar coa maior urxencia posible a convocatoria da Comisión de seguimento para acordar o restablecemento do horario matinal de acceso público a partir das 9 horas que se viña mantendo nos xardíns do Pazo de Amarante durante os días laborables desde o ano 2012, propoñendo “medidas concretas” para solucionar as incidencias denunciadas.
2. Adoptar as accións necesarias para mellorar o coidado, a limpeza e a conservación deste xardín, con especial atención á posta en valor da fonte ornamental situada no centro deste espazo.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA RECLAMAR AS OBRAS DE SEGURANZA DA ROTONDA DE CONXO.

Con data de rexistro de entrada do día 10 de abril do corrente ano e número 99, presentouse a seguinte proposición:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para reclamar as obras de humanización e seguranza viaria pendentes da rotonda de Conxo que non se incluíron nos Orzamentos Xerais do Estado, pese a estaren comprometidas por Fomento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2018 non figuran as obras pendentes para a humanización da rotonda de Conxo, pese estaren comprometidas por Fomento tanto na visita de Ana Pastor do 30 de xuño de 2016 e de Íñigo de la Serna o 26 de abril de 2017 e o 21 de decembro de 2017, ademais dos diversos acordos plenarios adoptados nese sentido.

En febreiro de 2016 aprobouse unha declaración institucional para instar ao Ministerio de Fomento a preservar un espazo para a veciñanza na parte superior da rotonda de Conxo, cunha conexión superficial máis amábel e peonil, sen antepoñer os intereses da circulación do tráfico. O texto recoñecía as feridas que supuxo para este barrio a construción do periférico na década de 1990, que produciu unha segregación entre a zona residencial do norte do barrio e os equipamentos da parte sur: o centro de saúde, o centro sociocultural, o Centro de Novas Tecnoloxías e o Hospital Provincial.

Outra iniciativa do BNG, aprobada en xullo de 2017, ía destinada a reclamarlle a Fomento que se arranxen as deficiencias causadas coas obras da rotonda de Conxo e se mellore a mobilidade con criterios de humanización para evitar que o barrio quede dividido por unha vía de circulación. Daquela demandábase, aliás, a canalización de augas pluviais, illamento sonoro, mellora na sinalización, ampliación dos carrís de incorporación, medidas para a seguranza peonil e de carácter estético, pois semella unha obra sen rematar que divide o barrio e non se integra na paisaxe urbana.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno do Estado a realizar, de urxencia, as obras de humanización e seguranza viaria pendentes da rotonda de Conxo que non se incluíron nos Orzamentos Xerais, pese a estaren comprometidas por Fomento, posto que supón un agravio para a veciñanza deste barrio compostelán.”

Á proposición transcrita presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular con data 18 de abril do corrente ano, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA Á PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG “PARA RECLAMAR AS OBRAS DE SEGURANZA DA ROTONDA DE CONXO QUE O GOBERNO ESPAÑOL EXCLÚE DOS ORZAMENTOS XERAIS DE 2108”, co número de rexistro 99, de data 10 de abril de 2018.

Proponse o engadido dun punto 2 no acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“1. O Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno do Estado a realizar, de urxencia, as obras de humanización e seguranza viaria pendentes da rotonda de Conxo que non se incluíron nos Orzamentos Xerais, pese a estaren comprometidas por Fomento, posto que supón un agravio para a veciñanza deste barrio compostelán.

2.- O Concello de Santiago procederá a unha posta a punto das vías de titularidade municipal no ámbito do barrio de Conxo e a aprobar un Plan integral de mellora da senda Milladoiro-Santiago a través de Conxo, conforme ao acordo plenario unánime de febreiro de 2016.”

Rematado o debate, e tras ser aceptada a emenda presentada, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Instar ao Goberno do Estado a realizar, de urxencia, as obras de humanización e seguranza viaria pendentes da rotonda de Conxo que non se incluíron nos Orzamentos Xerais, pese a estaren comprometidas por Fomento, posto que supón un agravio para a veciñanza deste barrio compostelán.

2. Proceder a unha posta a punto das vías de titularidade municipal no ámbito do barrio de Conxo e a aprobar un Plan integral de mellora da senda Milladoiro-Santiago a través de Conxo, conforme ao acordo plenario unánime de febreiro de 2016.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA ACTIVAR OS CONSELLOS DE PARTICIPACIÓN.

A proposición presentada con data 10 de abril do corrente ano e número de rexistro 102, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno destinada á activación dos Consellos de Participación pendentes de constituír neste mandato 2015-2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende 1998, o Concello de Santiago de Compostela foi pioneiro a nivel galego e estatal nas políticas de participación cidadá, coa creación do Regulamento de Participación Cidadá, do Consello Económico e Social e do Consello de Relacións Veciñais.

Foi no período 1999 e 2003, baixo o impulso do BNG, cando se impulsou a creación de seis novos consellos (Muller, Mocidade, Medio Ambiente, Normalización Lingüística, Educación e Saúde). No mandato 2003-2008 incorporáronse seis máis (Servizos Sociais, Deportes, Migracións, Compostela Cultura, Centros Socioculturais e Maiores).

Despois de 3 anos de Goberno de Compostela Aberta, deses 14 consellos de participación existentes, puxo en funcionamento tres: o Consello de Relacións Veciñais, o Consello de Saúde e o de Medio Ambiente. A maiores creou un novo, o de Cooperación e Solidariedade e mantiveron a Mesa do Comercio e o de Turismo. Tamén se comprometeron publicamente en diversas ocasións á creación do Consello da Infancia, mais tampouco se fixo realidade.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello activará os Consellos de Participación Cidadá para implicar a veciñanza e colectivos nas decisións de relevancia para Santiago de Compostela, como un feito necesario para o recoñecemento expreso dos dereitos da cidadanía e das entidades organizadas como é a cooperación coa institución municipal para o desenvolvemento socioeconómico do territorio e a mellora das condicións de vida.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade acorda activar os Consellos de Participación Cidadá para implicar a veciñanza e colectivos nas decisións de relevancia para Santiago de Compostela, como un feito necesario para o recoñecemento expreso dos dereitos da cidadanía e das entidades organizadas como é a cooperación coa institución municipal para o desenvolvemento socioeconómico do territorio e a mellora das condicións de vida.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á FINALIZACIÓN DO ENLACE NORTE DA ESTRADA N-550 COA AUTOESTRADA AP-9.

Presentouse con data 10 de abril do corrente ano e número de rexistro 103, a proposición que a continuación se transcribe:

“O 24 de xullo de 2003 o Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o *“Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo”*. No ámbito da zona norte do ámbito urbano e periurbano de Santiago de Compostela, establecía as seguintes actuacións:

Cinto Oeste / Tramo IV / Brins – N-550 (P. I. Tambre)

Conectaría mediante un novo trazado oeste-leste a estrada provincial DP-0701 Santiago-Portomouro coa estrada nacional N-550 A Coruña-Tui.

Esta actuación actualmente non se atopa en desenvolvemento.

Conexión N-550 (P. I. Tambre) – AP-9 – Autoestrada Lavacolla (A-54)

En prolongación coa actuación do cinto oeste, conectaría o mesmo coas estrada e autoestradas sinaladas, servindo tamén de conexión da zona industrial do Tambre coa rede de alta capacidade de Santiago.

A execución do enlace coa estrada N-550 foi encomendada no seu momento a extinta EMUVISSA como conexión exterior dos polígonos industriais SUNP-37-3º e SUNP-38. Nestes momentos atópase en estudo polo Ministerio de Fomento.

A execución do viario de conexión entre a estrada N-550 e a autoestrada AP-9 foi encomendado a Xestur Coruña como conexión exterior do desenvolvemento da área empresarial da Sionlla. Na actualidade está executado e pendente da súa entrada en servizo o tramo correspondente ao bordo norte da área empresarial e pendente de executar o tramo que atravesa o ámbito do SUNP-37-3º.

O enlace coa autoestrada AP-9 e o viario de conexión entre este e o enlace coa autoestrada de Lavacolla (A-54) en San Marcos está sendo planificado polo Ministerio de Fomento e pendente de formalizar o convenio de execución con AUDASA.

Variante de Aradas


Trátase dun novo viario de conexión entre as estradas provinciais DP-0701 Santiago-Portomouro e DP-7804 Santiago-Trazo co bordo oeste do polígono do Tambre na intersección das vías de Marconi e Nobel.

Actualmente atópase en execución pola Xunta de Galicia.

Liberación de peaxe do tramo norte da autoestrada AP-9

Trátase do tramo entre o actual enlace “Santiago Norte” da autoestrada e o novo enlace do viario de acceso á área empresarial da Sionlla. Ademais, tamén se prevé a ampliación da capacidade de dito tramo.

Esta actuación está sendo planificada polo Ministerio de Fomento e pendente de formalizar o convenio de execución con AUDASA.



A variante de Aradas resolve un problema de acceso dos tráficoos provenientes do noroeste da nosa provincia (Santa Comba, Carballo, zona norte da Costa da Morte, etc.), facilitando a súa conexión directa co polígono do Tambre e aliviando a presión sobre outras entradas da área industrial. Con esta actuación reducirase o tráfico que circula polos barrios de Vite e Vista Alegre en 4.000 vehículos diarios, sendo aproximadamente a metade pesados. Non obstante, pode chegar a producir outro novo problema, introducindo unha presión maior sobre os viario interiores do polígono do Tambre polos novos tráficoos de tránsito que busquen agora formas de evitar outras zonas urbanas de circulación menos fluída e un acceso mais directo a actual rede de alta capacidade de Santiago.

Por outra banda, a falta de remate da conexión exterior do ámbito empresarial da Sionlla, o chamado “orbitaliño”, prevista no seu proxecto sectorial como elemento clave

da súa conectividade coa rede de alta capacidade, e a súa conexión coa estrada N-550 e coa autoestrada AP-9, está provocando a saturación do tramo norte do Periférico (SC-20), do seu enlace co área empresarial de Costa Vella e dos seus viarios interiores. Consideramos que este elemento é un factor clave necesario para a posta en valor e a comercialización das parcelas da área empresarial da Sionlla. Ademais, non parece oportuno que a inversión pública xa realizada e actualmente fora de servizo non se remate coas actuacións de conexión entre viarios.

É por isto, polo que o grupo municipal do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que o Concello de Santiago inste ás administracións supramunicipais, Administración do Estado e Xunta de Galicia, para que impulsen o desenvolvemento e a execución das seguintes actuacións:

- Remate do ramal de acceso á área empresarial da Sionlla (orbitaliño) e a súa conexión coa estrada N-550 e coa autoestrada AP-9 mediante os correspondentes enlaces viarios.
- Execución do ramal do “*Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo*” (orbital) entre a autoestrada AP-9 e a autoestrada de Lavacolla (A-54) no seu enlace de San Marcos.
- Execución da ampliación da capacidade da autoestrada AP-9 entre o seu actual enlace “Santiago Norte” e o novo enlace do orbital mais ao norte e a correspondente liberación de peaxe no tramo entre ditos enlaces.
- Planificación e desenvolvemento do Tramo IV do Cinto Oeste previsto no “*Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo*” entre a estrada provincial DP-0701 Santiago-Portomouro e a estrada nacional N-550 A Coruña-Tui.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade acordainstar ás administracións supramunicipais, Administración do Estado e Xunta de Galicia, para que impulsen o desenvolvemento e a execución das seguintes actuacións:

- Remate do ramal de acceso á área empresarial da Sionlla (orbitaliño) e a súa conexión coa estrada N-550 e coa autoestrada AP-9 mediante os correspondentes enlaces viarios.
- Execución do ramal do “*Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo*” (orbital) entre a autoestrada AP-9 e a autoestrada de Lavacolla (A-54) no seu enlace de San Marcos.

- Execución da ampliación da capacidade da autoestrada AP-9 entre o seu actual enlace “Santiago Norte” e o novo enlace do orbital mais ao norte e a correspondente liberación de peaxe no tramo entre ditos enlaces.

- Planificación e desenvolvemento do Tramo IV do Cinto Oeste previsto no “Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo” entre a estrada provincial DP-0701 Santiago-Portomouro e a estrada nacional N-550 A Coruña-Tui.

12. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDE AO ANO 2017.

Segundo o acordado na sesión da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións correspondente a súa sesión do día 12 de abril de 2018, dáse conta ao Pleno do informe anual correspondente ao ano 2017.

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas dende o día 27 de febreiro ao 5 de abril de 2018 (núms. 1316 ao 2310).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta nº 101/2017, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2017.

Acta nº 102/2017, correspondente á sesión extraordinaria-urxente celebrada o día 29 de decembro de 2017.

Acta nº 1/2018, correspondente á sesión extraordinaria-urxente celebrada o día 3 de xaneiro de 2018.

Acta nº 2/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 4 de xaneiro de 2018.

Acta nº 3/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 5 de xaneiro de 2018.

Acta nº 4/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 12 de xaneiro de 2018.

Acta nº 5/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 16 de xaneiro de 2018.

Acta nº 6/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 19 de xaneiro de 2018.

Acta nº 7/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 22 de xaneiro de 2018.

Acta nº 8/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2018.

Acta nº 9/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2018.

Acta nº 10/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 2 de febreiro de 2018.

Acta nº 11/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 9 de febreiro de 2018.

Acta nº 12/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 16 de febreiro de 2018.

Acta nº 13/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 19 de febreiro de 2018 (Nº 13/2018).

Acta nº 14/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2018.

Acta nº 15/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 28 de febreiro de 2018.

Acta nº 16/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2018.

Acta nº 17/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 5 de marzo de 2018.

Acta nº 18/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 7 de marzo de 2018.

Acta nº 19/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 9 de marzo de 2018.

Acta nº 20/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 12 de marzo de 2018.

Acta nº 21/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 16 de marzo de 2018.

Acta nº 22/2018, correspondente á extraordinaria-urxente celebrada o día 16 de marzo de 2018.

Acta nº 23/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 23 de marzo de 2018.

Acta nº 24/2018, correspondente á ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2018.

Ao remate do presente punto faise un receso cando son as 19:05 horas e reanúdase a sesión ás 19:25 horas, incorporándose a totalidade dos/as concelleiras asistentes, agás o señor Don Agustín Hernández.

14. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 5 de abril de 2018, núm. 97.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de abril de 2018, núm. 98.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de abril de 2018, núm. 100.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 105.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 106.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 112.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 118.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 122.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 107.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 113.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 114.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de abril de 2018, núm. 115.
Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 119.
Do grupo municipal do BNG de data 11 de abril de 2018, núm. 120.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 27 de marzo de 2018, núm. 92.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2018, núm. 94.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2018, núm. 95.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2018, núm. 96.
Do grupo municipal do BNG de data 10 de abril de 2018, núm. 101.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 108.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 109.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de abril de 2018, núm. 110.

Durante a exposición do rogo núm. 105, presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, incorpórase ao salón de plenos, o concelleiro señor Hernández.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 27 de marzo de 2018, núm. 91, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para expresar o apoio da Corporación ao labor da policía local nun incidente na rúa Pitelos e a reprobación do uso indebido da condición parlamentaria.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 104, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, relativa á implantación dunha renda básica universal.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 111, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con motivo do día mundial da saúde.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 116, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en apoio ás reivindicacións do colectivo de profesionais do equipo multidisciplinar do servizo de urxencias hospitalarias do CHUS.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 117, presentada polo grupo municipal do BNG, para o soterramento dos servizos básicos e de internet na cidade histórica.

Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2018, núm. 121, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á mellora da accesibilidade universal do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Non figuraba na orde do día da sesión, e foi incluída por urxencia declarada por unanimidade do Pleno da Corporación ao principio da sesión.

Rexistro de entrada do día 18 de abril de 2018, núm. 123, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na que se solicita que o goberno municipal se reúna co Clube Ciclista “Muebles Compostela” e acade o consenso necesario para que se desenvolva a volta ciclista á Ascensión 2018.

Os textos das mocións presentadas, transcríbense a continuación:

MOCIÓN PARA EXPRESAR O APOIO DA CORPORACIÓN AO LABOR DA POLICÍA LOCAL NUN INCIDENTE NA RÚA PITELOS E A REPROBACIÓN DO USO INDEBIDO DA CONDICIÓN PARLAMENTARIA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na madrugada do pasado domingo, 19 de marzo, un incidente no que participou unha deputada galega pertencente ao grupo parlamentario de En Marea veu a poñer no primeiro plano da actualidade galega e mesmo estatal o papel necesario e oportuno das forzas de seguridade, en particular o papel que desenvolve a Policía Local de Santiago de Compostela, e tamén o emprego e alcance da condición parlamentaria e da figura da inmunidade como privilexio legal para os parlamentarios no exercicio das súas funcións, unha prerrogativa moi controvertida e posta en cuestión por distintas organizacións políticas, incluída aquela á que pertence a citada deputada.

O incidente acontecido en Santiago de Compostela identifícase cun acto vandálico no que varias persoas atentan contra a propiedade privada causando estragos en varios vehículos aparcados nunha céntrica rúa da nosa cidade.

O Grupo Municipal Popular considera que os acontecementos rexistrados a pasada semana na rúa Pitelos, coa lexítima e axustada intervención da Policía Local e co censurable e inadecuado comportamento de varias persoas, entre elas unha parlamentaria, no seu caso nunhas circunstancias alleas ao natural desempeño do seu cargo, fan necesario un posicionamento da Corporación Municipal sobre este suceso ocorrido na nosa cidade.

En consecuencia, formulamos a seguinte proposta:

O Pleno da Corporación Municipal de Santiago de Compostela acorda:

1. Manifestar o seu apoio e respaldo á actuación da Policía Local no incidente acontecido na madrugada do domingo, 19 de marzo, onde varias persoas causaron estragos en distintos vehículos aparcados na rúa Pitelos da nosa cidade.
2. Reprobar o comportamento dunha representante do Parlamento de Galicia que, nunha utilización abusiva e inadecuada da súa condición de parlamentaria e da figura da inmunidade, tratou de condicionar e dificultar a correcta actuación policial.
3. Dirixirse á Presidencia do Parlamento de Galicia para que traslade este acordo ao conxunto dos grupos parlamentarios e considere a conveniencia de adoptar algunha medida no seo da Cámara galega en relación co referido incidente.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DUNHA RENDA BÁSICA UNIVERSAL

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colectivo Renda Básica de Santiago de Compostela ven traballando en diferentes propostas e iniciativas co obxectivo de promover un debate público e a adopción de acordos para promover a implantación dunha Renda Básica Universal. Neste senso, o Consello de Europa, na súa reunión plenaria de inverno, o 23 de xaneiro de 2018, a proposta da italiana Nunzia Catalfo, do Comité de Asuntos Sociais, Sanidade e Desenvolvemento Sustentable, adoptou por maioría absoluta (51% a favor, 36% en contra e 13% de abstencións), a Resolución 2197, que reclama a posta en marcha da Renda Básica Universal en Europa. Hai que salientar que a este organismo, do que depende o Tribunal de Dereitos Humanos de Estrasburgo, pertencen todas as nacións europeas excepto Bielorrusia.

Os primeiros parágrafos da Resolución explican o sentido da mesma, e pola súa claridade, consideramos oportuno reproducilos, na súa tradución ao noso idioma:

1. A Europa moderna construíu unha prosperidade impresionante ao conseguir un desenvolvemento centrado nas necesidades e os dereitos humanos. Cos cambios nas estruturas económicas, a natureza do traballo e os perfís demográficos, o seu modelo social está agora baixo tensión, mentres que o aumento da pobreza e a desigualdade mingúan cada vez máis a dignidade humana. Os Estados europeos deben asumir as súas responsabilidades de reforma para que as xeracións actuais e futuras poidan seguir gozando de condicións de vida dignas e unha protección social adecuada. É

neste contexto que a idea dun ingreso básico, ou ingreso de "ciudadanía" (Renda Básica Universal), aparece no debate público.

2. A Asemblea Parlamentaria considera que un nivel de vida digno para todos/as é a pedra angular da xustiza social e a dignidade humana. Aínda que a maioría dos países europeos estableceron esquemas de apoio aos ingresos para garantir ás persoas desfavorecidas un mínimo estrito, case todas necesitan mellorar os seus sistemas para responder as críticas do Comité Europeo de Dereitos Sociais. Este último atopou en repetidas ocasións violacións de feito ao compromiso dos Estados Parte coa Carta Social Europea (STE nº 35 e nº 163) para asegurar un nivel de vida decente para todos os grupos de poboación, especialmente as persoas máis vulnerables (como os nenos/as, os mozos/as e anciáns, poboación desempregada e traballadores/as pobres, as persoas discapacitadas e as enfermas).

3. O ingreso básico, ou ingreso de cidadanía, é unha forma de seguridade social que proporciona a cada cidadán unha cantidade regular de diñeiro para vivir: é "unha renda pagada por unha comunidade política a todos os seus membros de xeito individual, sen proba de medios ou requisitos de traballo" (Van Parijs). Definido como universal, individual, incondicional e suficiente para garantir a dignidade e a participación na sociedade, o ingreso básico abordaría a pobreza absoluta e eliminaría os des-incentivos para traballar (xa que non se retira cando a persoa gaña outros ingresos). Ademais, complementaría os ingresos para aquelas persoas que estean involucradas en traballos non estándar e traballo compartido, aquelas que están sub-empregadas ou mesmo as que non realizan un traballado remunerado (como o coidado de nenos ou persoas maiores e enfermos na familia).

4. A Asemblea cre que a introdución dun ingreso básico podería garantir a igualdade de oportunidades para todas as persoas de maneira máis efectiva que o mosaico actual de beneficios, servizos e programas sociais. Con todo, a Asemblea é plenamente consciente das dificultades prácticas que provocaría un cambio tan radical na política social. Débese levar a cabo un debate en profundidade en cada país para determinar os termos e condicións do devandito ingreso permanente garantido e como financialo como parte dun novo contrato social entre a cidadanía e o estado.

Dende o grupo municipal de Compostela Aberta, en resposta a unha iniciativa do Colectivo pola Renda Básica de Compostela, queremos apoiar este importante posicionamento, uníndonos á súa petición de abrir XA ese debate en profundidade que se reclama, que pensamos debería facerse a todos os niveis institucionais: municipal, autonómico e estatal.

Defendemos a Renda Básica Universal (o ingreso básico, ou ingreso de "ciudadanía" de que fala a Resolución mencionada), como un novo dereito cidadán que significaría unha

situación de dignidade material para a totalidade da poboación, rematando de vez coa pobreza, eliminando á súa vez a condicionalidade das actuais “rendas de integración” con claras vantaxes sobre ás mesmas, en concreto:

Un menor gasto en controis, inspeccións, etc (o que supón unha cantidade moi superior ao que normalmente se pensa).

Maior dignidade, evitándose a estigmatización da pobreza asociada ás prestacións condicionadas.

Eliminación da “trampa da pobreza”, que podemos definir brevemente como: a penalización que comporta a unha persoa beneficiaria dun subsidio condicionado aceptar un traballo remunerado.

Pero a súa necesidade amósase tamén como vía para solucionar os problemas económicos derivados dos avances tecnolóxicos que se están sucedendo: Drons, Impresoras 3D, Robots, Automatización e normalización de procesos administrativos, Vehículos terrestres autónomos, Vendas por internet... A revolución tecnolóxica está a chegar, xa notamos os seus efectos, pero aínda estamos no inicio dunha curva que se prevé exponencial. Parece evidente que calquera posto de traballo que sexa automatizábel será automatizado, desaparecendo, nun prazo máis curto que longo. A universidade de Oxford valorou, hai uns poucos anos, a perda de postos de traballo nun prazo medio en preto do 50% dos actualmente existentes.

Dende esta perspectiva a petición da implantación da Renda Básica Universal está sendo un punto de encontro entre diversas correntes ideolóxicas como única vía de solución á esta crise. Porque a crise segue. Malia a aparente recuperación económica que amosan algúns datos macroeconómicos, a mesma non se traduce en melloras na condición de vida da poboación. Seguimos a ter paro e/ou precariedade, e non postos de traballo con salarios e condicións dignas. Deste xeito estase rompendo a principal fonte de redistribución que existía ata o de agora, o salario digno. Ou atopamos formas de substituílo ou arriscámonos ao colapso do sistema nun prazo máis ou menos corto.

De feito, cremos que non é casual este pronunciamento do Consello de Europa, que se une a pronunciamentos a prol do estudo e debate da Renda Básica Universal, cando non solicitando directamente a súa aplicación, realizados recentemente por outras institucións económicas que ata hai pouco mostrábanse moi reticentes ou claramente contrarias á idea (Fondo Monetario Internacional ou Foro Económico Mundial, entre eles).

Resaltar que en todos os casos estes organismos (Consello de Europa, Fondo Monetario Internacional ou Fondo Económico Mundial) falan da Renda Básica Universal como de

un dereito dentro do actual estado de benestar e non substitutivo deste, como se pretende dende ideoloxías neo-liberais. Evidentemente non se pode entender unha Renda Básica suficiente senón é dentro dun sistema que garanta os servizos básicos públicos para toda a poboación. A Sanidade, a Educación, as Axudas á Dependencia e ás Situacións de emerxencia social, entre elas, deben de estar garantidas.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta, a iniciativa do Colectivo pola Renda Básica de Compostela, propón ao Pleno do concello, a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Apoiar expresamente a Resolución 2197 do 23 de xaneiro de 2018, da Asemblea parlamentaria do Consello de Europa, en todos e cada un dos seus puntos e nas recomendacións finais.

2. Instar ao Goberno do Estado a que apoie esta mesma Resolución e a desenvolver todas as medidas que sexan necesarias para implantar unha Renda Básica Universal no Estado Español.

3. Instar a Xunta de Galicia a promover un debate público sobre este tema e adoptar as medidas necesarias para avanzar, no marco das súas competencias, na implantación dunha Renda Básica Universal.

4.- Que o Concello de Santiago de Compostela adopte as medidas necesarias para fomentar un debate público entre a veciñanza compostelá sobre a Renda Básica Universal.

5.- Remitir copia deste acordo a todos os Concellos de Galiza, ás Deputacións provinciais, á Xunta e aos Grupos parlamentarios de Galiza e ao Goberno e aos Grupos parlamentarios do estado, a efectos do seu coñecemento e máis do seu debate e apoio.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este ano con motivo do Día Mundial da Saúde, a Organización Mundial da Saúde expónse como obxectivo a cobertura sanitaria universal para todas as persoas, en calquera lugar, baixo a lema “A saúde para todos”.

Con este fin, a OMS lembra aos líderes mundiais que respecten os compromisos que contraeron cando acordaron os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable en 2015, e installes a que se comprometan a adoptar medidas concretas para promover a saúde de todas as persoas. Iso significa garantir que todas as persoas, en calquera lugar, poidan ter acceso a servizos de saúde esenciais e de calidade sen ter que pasar apuros económicos.

O Grupo Municipal Socialista comparte plenamente os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 e o obxectivo exposto de protección universal da saúde e que alcanza a todos os países e, por tanto, afecta tanto as políticas sanitarias que deben desenvolverse no noso municipio, como en España e en calquera país do mundo.

A protección de saúde, como dereito social, inclúese no novo concepto dos Dereitos Humanos da Declaración de Nacións Unidas e é inherente á dignidade humana. Por tanto, debe protexer a todas as persoas. É coñecido que nos países onde este dereito é efectivo con carácter universal, as sociedades beneficianse dunha maior cohesión e alcanza unha mellor saúde colectiva, promovendo ademais maiores cotas de saúde individual e fomentando a dignidade humana. Así, os sistemas sanitarios universais son máis eficientes economicamente e xeran máis saúde e equidade que aqueles que non teñen establecido este dereito de maneira universal. En definitiva, supón un eficaz investimento social para os Estados.

A protección da saúde, o acceso a coidados esenciais e de calidade e o desenvolvemento da saúde comunitaria non só mellora a saúde das persoas e a súa esperanza de vida, senón que tamén protexe aos países das epidemias, reduce a pobreza e o risco de padecer fame, crea empregos, impulsa o crecemento e a prosperidade económica, á vez que constitúe unha base importante para promover a igualdade de xénero.

En España, coa Lei Xeral de Sanidade de 1986 iníciase a construción do Sistema Nacional de Saúde cunha cobertura universal do dereito á atención sanitaria e á protección da saúde, consolidado na Lei de Saúde Pública de 2011. Iso contribuíu de maneira decisiva a dispor dun dos mellores sistemas sanitarios do mundo desenvolvido con bos indicadores de saúde e niveis máis que aceptables de equidade. Cuns servizos sanitarios moi ben valorados polas persoas usuarias e un activo fundamental para o benestar, a xuízo da cidadanía, configurouse como un dos mellores activos do noso país.

Pero desde 2012 co Real Decreto Lei 16/2012, o Goberno de Rajoy cambiou a natureza deste sistema, modificou o dereito ao acceso de tal forma que desde entón só se ten dereito á asistencia sanitaria cando as persoas ostenten a condición de asegurados, suprimindo así o

dereito de acceso universal por condición de cidadanía. Desta forma, excluíronse deste dereito a centenaes de miles de persoas.

A exclusión dunha parte da poboación do dereito á atención sanitaria e á protección da saúde supón un atentado ao dereito protexido na nosa Constitución, prexudica a quen son excluídos e, ademais, é unha medida que xera custos innecesarios ao conxunto do sistema e á sociedade en xeral.

Por iso, hoxe con motivo do Día Mundial da Saúde, o Grupo Municipal Socialista reivindica a derogación do RDL 16/2012 para recuperar o dereito de acceso universal á atención sanitaria en todo o territorio e en condicións de igualdade efectiva.

Ante a celebración do Día Mundial da Saúde, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte

MOCIÓN

1. A elaboración dunha Estratexia Local de Promoción e Protección da Saúde, tendo en conta a importancia dos determinantes de saúde desde a acción local, que conteña o conxunto de medidas dirixidas á promoción e protección da saúde de todas as persoas, así como a incorporación do impacto na saúde de tódalas políticas locais: facilitando hábitos de vida saudable con instalacións para a práctica de exercicio físico e o deporte, a calidade do medio ambiente urbano, a vivenda ou a inclusión social.

2. Instar ao Goberno de España a que promova a derogación do “Real Decreto-lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións”, para a recuperación da cobertura universal da protección da saúde e o acceso á asistencia sanitaria como dereito de cidadanía.

MOCIÓN DE COMPOSTELA ABERTA EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO COLECTIVO DE PROFESIONAIS DO EQUIPO MULTIDISCIPLINAR DO SERVIZO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS DO COMPLEXO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS)

Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos, presenta para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A maioría do colectivo de profesionais do Servizo de Urxencias Hospitalarias do CHUS (neste caso 70 enfermeiras/os, 44 TCAEs e 24 celadores/as), son os que realizan o seguimento e a atención continuada dos e das pacientes 24 horas ao día os 365 días do ano. Ademais da atención das distintas demandas dos e das pacientes e acompañantes realizan as técnicas necesarias, administran e planifican coidados e tratamentos e moitas outras tarefas encamiñadas a ofrecer a mellor asistencia posible.

Son os e as profesionais que, formando unha equipa multidisciplinar, manteñen a engrenaxe e a dinámica que o servizo de urxencias precisa para funcionar correctamente. Asimesmo, realizan a continuidade de coidados e tratamentos do persoal médico especialista a aqueles e aquelas doentes pendentes de ingreso que deberían estar en planta, situación que sobrecarga aínda máis ao persoal que se encarga de administrar un tratamento específico, en ocasións con pautas e coidados imposibles de levar a cabo nun servizo de urxencias.

A misión do servizo de Urxencias Hospitalarias é a prestación de asistencia sanitaria urxente e emerxente á cidadanía para o que debe cumprir uns requisitos mínimos funcionais, estruturais e organizativos de forma que garanta unhas condicións adecuadas de seguridade, calidade e eficiencia. Hai que ter en conta que en moitos dos casos este servizo é o primeiro contacto das persoas usuarias co sistema hospitalario e de saúde.

Factores como a crecente demanda do servizo, propiciada polo abandono por parte das autoridades sanitarias da atención primaria, a idade avanzada da poboación galega cada vez máis pluripatolóxica, o peche das camas e un deficiente drenaxe de pacientes ás plantas, están a provocar situacións de continuos colapsos no servizo durante todo o ano.

Esta situación vese agravada coa falta de renovación dos recursos materiais (falta de padiolas, salas de raios sen funcionamento, material en mal estado etc) e de actualización no dimensionamento dos cadros de persoal (a plantilla está moi por debaixo doutros hospitais con similares rexistros de entrada e poboación), e consolida unha situación precaria nas condicións laborais do persoal, xerando un ambiente laboral de presión, inseguridade e cunha carga de traballo impropia e excesiva. Todo isto redunda nunha diminución da calidade asistencial ás persoas usuarias.

Non se pode esquecer que os modelos organizativos e as deficiencias estruturais pasan por riba de dereitos tan importantes como a intimidade e a confidencialidade dos e das pacientes do servizo. Exemplos como a falta de espazos destinados á transmisión de información sobre a saúde das e dos pacientes, inexistencia de cubículos dedicados a atención de pacientes psiquiátricos ou agresivos, a falta de protocolos para transmitir de

forma adecuada a información sobre pacientes que se atopan no servizo, reflicten a imposibilidade de garantir estes dereitos e orixinan situacións nada desexables para profesionais, pacientes e persoas usuarias.

Actualmente, neste contexto, con medios materiais e humanos insuficientes a resposta aos colapsos crónicos é moi limitada. A saturación diaria conduce a situacións de risco para os e as pacientes, potencia conflitos entre os e as profesionais e persoas usuarias e propicia insatisfacción no persoal.

Conscientes da falta de interese amosada nas diferentes xuntanzas nas que se trasladaron as peticións aos órganos de dirección do CHUS, ademais de varias mobilizacións e xuntanzas con diferentes representantes políticos e directivos do SERGAS; o colectivo de profesionais do Servizo de Urgencias de CHUS poñen en coñecemento deste concello a situación e solicitan a intermediación para demandar os recursos xustos e precisos para a mellora da calidade do servizo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta ao Pleno para a súa aprobacións o seguinte **ACORDO**:

Instar á consellería de Sanidade e á xerencia do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela a que atenda as seguintes peticións:

1.-MEDIOS PERSOAIS:

- 1 celador en quenda de noite.
- 1 auxiliar en quendas de mañá e noite.
- 1 enfermeira/o nas tres quendas.
- dotación de enfermería e auxiliar previas a apertura das áreas que carecen de dotación estable.

2.-MEDIOS MATERIAIS:

- 25 camillas, principalmente para a substitución daquelas que están deterioradas.
- 10 cadeiras de rodas e repación das existentes.
- 12 tensiómetros, un por cada posto de enfermería.
- 2 electrocardiógrafos.
- 12 carros de medicación de enfermería, os existentes ou non son aptos para o uso ou están deteriorados).
- Renovación de monitores por deterioro.
- Renovación de respiradores, descatalogados e irreparables.
- Eliminación de cables á vista nas consultas.
- 15 paus de soros.

-20 sillóns de acompañante e reparación dos deteriorados.

3.-O subministro dos recursos materiais e humanos solicitados non exime á xerencia do CHUS da súa obriga de atender as demandas recibidas e de garantir un espazo laboral e sanitario seguro e de calidade, así como establecer un novo modelo de organización

MOCIÓN PARA O SOTERRAMENTO DOS SERVIZOS BÁSICOS E DE INTERNET NA CIDADE HISTÓRICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de axilizar o soterramento dos servizos básicos e de internet na Cidade Histórica co obxectivo de gañar poboación residente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A revisión do Plan Especial da Cidade Histórica, destinado á revitalización, recuperación de poboación residente e instalación de negocios cun modelo de actividades que sexan compatíbeis coa conservación do patrimonio de Santiago de Compostela constitúe unha oportunidade para dotar dos servizos básicos necesarios dos que carecen boa parte dos edificios.

Recentemente anunciouse por parte do Goberno municipal a substitución de vellas instalacións por fibra óptica, coa data de 2025 para soterrar o cableado e os servizos básicos. A falta de acceso a novas tecnoloxías é unha das principais demandas para gañar e fixar poboación e pequeno comercio na Cidade Histórica. De feito, xurdiu a iniciativa #FibraNaZonaVella da propia veciñanza ante os prexuízos que está a crear a falta de internet de banda larga na zona.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela axilizará o soterramento dos servizos básicos e de internet de banda larga na Cidade Histórica para mellorar a habitabilidade, estética e seguranza co fin de eliminar as instalacións aéreas que afean o conxunto patrimonial.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS)

A Constitución española e a diversa normativa sectorial tanto básica de referencia do Estado como autonómica de Galicia poñen o foco sobre os poderes públicos para que

promovan e executen, no ámbito das súas respectivas competencias, políticas e accións que favorezan a accesibilidade e a non discriminación de todas as persoas con discapacidade que lles garantan uns mesmos niveis de igualdade de oportunidades. Estes conceptos tradúcense na denominada “accesibilidade universal” que non só ten en conta as persoas con discapacidade, se non tamén a todas as persoas nos distintos ámbitos e usos da súa vida cotián.

Esta esixencia aos poderes públicos é mais intensa e prioritaria en aqueles espazos baixo a súa competencia e titularidade e que, ademais, requiren dunhas adaptacións mais intensas e prioritarias debido a súa singularidade e especificidade. No caso do noso municipio, un destes espazos singulares é o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), de titularidade do SERGAS. No só é un elemento clave para a nosa veciñanza se non tamén é o centro de referencia da nosa bisbarra.

Non cabe dúbida que debido as funcións propias do CHUS, constitúe un punto de concentración de persoas co problemas de mobilidade que requiren unha especial sensibilidade en mellorar a súas condicións de acceso as instalacións do complexo. Por outra banda, a complexa topografía da zona de implantación do CHUS, a súa estrutura en edificios independentes e o entorno periurbano da súa situación incrementan os requirimentos e as solucións para garantir a accesibilidade universal as instalacións.

Por todo isto é polo que o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

-Que coordinadamente entre os servizos técnicos do Concello de Santiago de Compostela, do SERGAS, de TUSSA e do concesionario do aparcadoiro municipal da Choupana se realice unha auditoría integral de accesibilidade tanto do acceso as edificacións (SERGAS e aparcadoiro), dos espazos públicos interiores do complexo (SERGAS) tendo en conta os itinerarios peonís, as prazas de aparcamento adaptadas e as paradas do transporte público (autobuses e taxis), dos espazos públicos exteriores (Concello) e dos autobuses do servizo urbano de transporte público (TUSSA) que prestan servizo ao mesmo.

-Que do resultado da auditoría integral de accesibilidade se estableza un programa de actuación de mellora da accesibilidade universal con propostas de actuación identificadas, programadas e valoradas.

-Que o Concello de Santiago de Compostela inste ao SERGAS e ao concesionario do aparcadoiro municipal á execución do programa de actuación de mellora da accesibilidade universal no ámbito dos espazos e equipamentos das súas respectivas competencias.

-Que o Concello de Santiago de Compostela e TUSSA doten orzamentariamente e executen o programa de actuación de mellora da accesibilidade universal no ámbito dos espazos e vehículos das súas respectivas competencias.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal Socialista ven de ter coñecemento de que, por segundo ano consecutivo, non se vai celebrar a tradicional Volta Ciclista da Ascensión. Trátase dunha proba cunha fonda tradición na cidade -con 18 edicións-, e que semilla que non se vai desenvolver porque o clube que sempre se encargou da súa organización, o Club Ciclista Muebles Compostela -con máis de 35 anos de vida-, non conseguiu acadar un acordo co goberno de Compostela Aberta.

O Concello de Santiago, abandeirado do deporte base e minoritario durante moitos anos, non debe deixar de apoiar esta cita deportiva tan relevante, que ano tras ano viña organizando un clube con máis de 80 rapaces e rapazas con ficha actualizada e máis dun cento de participantes.

Esta decisión unilateral adoptada polo goberno de CA, e concretamente pola concelleira de deportes, debера ser reconsiderada e valorada porque aínda estamos en tempo para redactar e aprobar un convenio.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA**:

Que o Goberno Municipal se reúna co Clube Ciclista “Muebles Compostela” e acade o consenso necesario para que se desenvolva a Volta Ciclista á Ascensión 2018.

Tras o debate, en primeiro lugar procédese á votación da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con número de rexistro 91, do día 27 de marzo de 2018, para expresar o apoio da Corporación ao labor da policía local nun incidente na rúa Pitelos e a reprobación do uso indebido da condición parlamentaria, e o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, 10 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta e 5 abstencións, correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), rexeita a devandita moción.

En segundo lugar, e despois do debate, e en relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con número de rexistro de entrada 104, do día 11 de abril de 2018, para a implantación dunha renda básica universal, o Pleno da

Corporación por 15 votos a favor, correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda:

1.- Apoiar expresamente a Resolución 2197 do 23 de xaneiro de 2018, da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, en todos e cada un dos seus puntos e nas recomendacións finais.

2. Instar ao Goberno do Estado a que apoie esta mesma Resolución e a desenvolver todas as medidas que sexan necesarias para implantar unha Renda Básica Universal no Estado Español.

3. Instar a Xunta de Galicia a promover un debate público sobre este tema e adoptar as medidas necesarias para avanzar, no marco das súas competencias, na implantación dunha Renda Básica Universal.

4.- Que o Concello de Santiago de Compostela adopte as medidas necesarias para fomentar un debate público entre a veciñanza compostelá sobre a Renda Básica Universal.

5.- Remitir copia deste acordo a todos os Concellos de Galicia, ás Deputacións Provinciais, á Xunta e aos Grupos Parlamentarios de Galicia e ao Goberno e aos Grupos Parlamentarios do Estado, a efectos do seu coñecemento e máis do seu debate e apoio.

A continuación, ten lugar a votación da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con número de rexistro 111, do día 11 de abril de 2018 con motivo do día mundial da saúde, e o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda:

Primeiro: A elaboración dunha Estratexia Local de Promoción e Protección da Saúde, tendo en conta a importancia dos determinantes de saúde desde a acción local, que conteña o conxunto de medidas dirixidas á promoción e protección da saúde de todas as persoas, así como a incorporación do impacto na saúde de todas as políticas locais: facilitando hábitos de vida saudable con instalacións para a práctica de exercicio físico e o deporte, a calidade do medio ambiente urbano, a vivenda ou a inclusión social.

Segundo: Instar ao Goberno de España a que promova a derogación do “Real Decreto-lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións”,

para a recuperación da cobertura universal da protección da saúde e o acceso á asistencia sanitaria como dereito de cidadanía.

Seguidamente e despois do debate, pásase a votación da moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con número de rexistro 116, do día 11 de abril de 2018, en apoio ás reivindicacións do colectivo de profesionais do equipo multidisciplinar do servizo de urxencias hospitalarias do CHUS, e o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor, correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda instar á consellería de Sanidade e á xerencia do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela a que atenda as seguintes peticións:

1.- MEDIOS PERSOAIS:

- 1 celador en quenda de noite.
- 1 auxiliar en quendas de mañá e noite.
- 1 enfermeira/o nas tres quendas.
- dotación de enfermería e auxiliar previas a apertura das áreas que carecen de dotación estable.

2.- MEDIOS MATERIAIS:

- 25 camillas, principalmente para a substitución daquelas que están deterioradas.
- 10 cadeiras de rodas e reparación das existentes.
- 12 tensiómetros, un por cada posto de enfermería.
- 2 electrocardiógrafos.
- 12 carros de medicación de enfermería, os existentes ou non son aptos para o uso ou están deteriorados).
- Renovación de monitores por deterioro.
- Renovación de respiradores, descatalogados e irreparables.
- Eliminación de cables á vista nas consultas.
- 15 paus de soros.
- 20 sillóns de acompañante e reparación dos deteriorados.

3.- O subministro dos recursos materiais e humanos solicitados non exime á xerencia do CHUS da súa obriga de atender as demandas recibidas e de garantir un espazo laboral e sanitario seguro e de calidade, así como establecer un novo modelo de organización

Trás o debate, ten lugar a votación da moción con número de rexistro 117, do día 11 de abril de 2018, presentada polo grupo municipal do BNG, para o soterramento do servizos básicos e de internet na cidade histórica, e o Pleno da Corporación por

unanimidade acorda axilizar o soterramento dos servizos básicos e de internet de banda larga na Cidade Histórica para mellorar a habitabilidade, estética e seguranza co fin de eliminar as instalacións aéreas que afean o conxunto patrimonial.

A continuación ten lugar o debate e votación da moción con número de rexistro 121, do día 11 de abril de 2018, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á mellora da accesibilidade universal do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

-Que coordinadamente entre os servizos técnicos do Concello de Santiago de Compostela, do SERGAS, de TUSSA e do concesionario do aparcadoiro municipal da Choupana se realice unha auditoría integral de accesibilidade tanto do acceso as edificacións (SERGAS e aparcadoiro), dos espazos públicos interiores do complexo (SERGAS) tendo en conta os itinerarios peonís, as prazas de aparcamento adaptadas e as paradas do transporte público (autobuses e taxis), dos espazos públicos exteriores (Concello) e dos autobuses do servizo urbano de transporte público (TUSSA) que prestan servizo ao mesmo.

-Que do resultado da auditoría integral de accesibilidade se estableza un programa de actuación de mellora da accesibilidade universal con propostas de actuación identificadas, programadas e valoradas.

-Que o Concello de Santiago de Compostela inste ao SERGAS e ao concesionario do aparcadoiro municipal á execución do programa de actuación de mellora da accesibilidade universal no ámbito dos espazos e equipamentos das súas respectivas competencias.

-Que o Concello de Santiago de Compostela e TUSSA doten orzamentariamente e executen o programa de actuación de mellora da accesibilidade universal no ámbito dos espazos e vehículos das súas respectivas competencias.

En último lugar, ten lugar a votación da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con número de rexistro de entrada 123, do día 18 de abril, da que foi declarada a súa urxencia por unanimidade, e o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor, correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e do BNG (3 PSdeG-PSOE, 9 PP e 2 BNG), e 10 abstencións, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda que o goberno municipal se reúna co clube ciclista “Muebles Compostela” e acade o consenso necesario para que se desenvolva a volta ciclista “Ascensión 2018”.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:16 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández